

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

- 4952** *Real decreto 336/2014, do 9 de maio, polo que se modifica o Real decreto 1114/1999, do 25 de xuño, polo que se adapta a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre á Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, se aproba o seu estatuto e se acorda a súa denominación como Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.*

A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, entidade pública empresarial adscrita ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da súa subsecretaría, vén realizando os seus fins institucionais como medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado. Neste momento, é necesario axustar o marco de actuación da entidade ás necesidades da Administración xeral do Estado, dos seus organismos públicos e doutros suxeitos do sector público.

Nalgúns casos, a transformación de organismos públicos dependentes da Administración xeral do Estado en sociedades mercantís estatais implica a necesidade de adecuar as normas relativas ás prestacións dos medios propios, de conformidade co artigo 24.6 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro. Por isto, considerouse necesario modificar o estatuto desta entidade pública empresarial, especificamente o número 7 do artigo 2 e o número 2 do artigo 3, para se adecuar a estas necesidades.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de maio de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Estatuto da entidade pública empresarial Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, aprobado mediante o Real decreto 1114/1999, do 25 de xuño, polo que se adapta a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre á Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, se aproba o seu estatuto e se acorda a súa denominación como Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.*

Modifícase o estatuto da entidade pública empresarial Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, aprobado mediante o Real decreto 1114/1999, do 25 de xuño, polo que se adapta a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre á Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, se aproba o seu estatuto e se acorda a súa denominación como Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda nos seguintes termos:

Un. O número 7 do artigo 2 queda redactado nos seguintes termos:

«7. A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda é medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado, así como dos organismos, entes e entidades do sector público estatal, sexan de natureza xurídica pública ou privada, vinculados ou dependentes daquela, nos termos do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e do presente estatuto.»

Dous. O número 2 do artigo 3 queda redactado nos seguintes termos:

«2. A entidade, como medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado, así como dos organismos, entes e entidades do sector público estatal, sexan de natureza xurídica pública ou privada, vinculados ou dependentes daquela, de acordo cos seus fins, estará obrigada a aceptar as encomendas de xestión realizadas por eles. As ditas encomendas de xestión serán as establecidas ou, se for o caso, autorizadas pola Subsecretaría de Facenda e Administracións Públicas, en canto órgano directivo de adscrición da entidade, con competencias para fixar as condicións e tarifas correspondentes.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de maio de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO